



ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas pola normativa vixente reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola rede de sumidoiros, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

c) A recepción e tratamento do contido de fosas sépticas para o seu posterior tratamento e depuración.

2. Os servizos indicados no apartado 1 a) e b) do presente artigo serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, deberán estar dotados destes servizos percibíndose as taxas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral.

O servizo indicado no apartado c) será de recepción obrigatoria a tódalas fosas sépticas de vivendas ou fosas sépticas asimilables (non procedentes de vivendas pero nas que a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano), sempre que a capacidade das instalacións municipais o permita.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor da presente Ordenanza Fiscal, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo ó obxecto de determinar a correspondente cota de consumo, polo que o devandito aparello deberá estar situado nun lugar accesible para o persoal lector desta empresa ou técnicos municipais.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o dono, usufrutuario ou titular do dominio útil do terreo.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) e c) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos terreos do termo municipal beneficiarios dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: donos, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o dono destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.



ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire a Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.
2. Non obstante, o disposto no apartado anterior, no artigo 6 desta ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

De conformidade co disposto na normativa vixente para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacer as cotas tributarias, bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 2-4 membros que non alcancen o 120% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(*) En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida, así como calquera outro ingreso da unidade de convivencia.

Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

Prazos:

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano abarcará dende o 2 ata o 31 de xaneiro.

Abrirase un segundo prazo (prórroga do anterior) dende o 1 ata o 15 de xullo para bonificacións do segundo semestre do ano.

CONTÍA

1.- A base do presente tributo, virá determinada:

- a) Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.
- b) A cota de consumo estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadro I).



c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, ben sexa por non poderse realizar a lectura do contador ou pola inexistencia do mesmo, establecece unha cota de consumo de 10 m³ mensuais no caso de Usos Domésticos e de 30 m³ mensuais no caso de Usos Industriais. No caso de que dita imposibilidade mantéñase máis dun trimestre, se tomará como cota de consumo o aforo máximo de captación de auga que a Administración Hidráulica correspondente teña concedida ao usuario para o período de lectura.

d) No caso de usuarios domésticos con alta no servizo de abastecemento, se a falla de medición se debe á carencia de contador, notificarase ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m³ mensuais.

2.- Usos domésticos: No cadro I fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos domésticos.

3.- Usos industriais e outros: No cadro I fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos industriais e outros.

CADRO I:

USO	COTA SERVICIOS	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	7,95	0	30	0,0644
		31	45	0,0751
		46	60	0,3453
		61	99999	0,4608
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	21,00	0	30	0,1034
		31	90	0,1089
		91	300	0,2936
		301	500	0,4182
		501	1000	0,4586
		1001	99999	0,4978
INDUSTRIAL CATEGORÍA II	13,37	0	30	0,1034
		31	90	0,1069
		91	300	0,2828
		301	500	0,4182
		501	1000	0,4586
		1001	99999	0,4978
INDUSTRIAL CATEGORÍA III	14,33	0	30	0,1034
		31	90	0,1089
		91	300	0,2936
		301	500	0,4182
		501	1000	0,4586
		1001	99999	0,4978
OBRA MENOR	38,57	0	30	0,1034
		31	90	0,1089
		91	300	0,2936
		301	500	0,4182
		501	1000	0,4586
		1001	99999	0,4978
OBRA MAIOR	107,89	0	30	0,1034
		31	90	0,1089
		91	300	0,2936
		301	500	0,4182
		501	1000	0,4586



		1001	99999	0,4978
--	--	------	-------	--------

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

- Categoría I: nesta categoría englobanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.
- Categoría II: nesta categoría englobanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.
- Categoría III: nesta categoría englobanse talleres, concesionarios, gasoleiras, industrias, naves industriais ou similares.

4.- Por cada acometida á rede xeral: unha cota mínima con carácter xeral de **48,89 €** ou a que resulte de multiplicar **24,46 €** polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible, no caso de que esta sexa superior.

5.- Cando se trate daqueles outros servizos que se resten, como limpeza de fosas sépticas e pozos negros, formularase a correspondente conta de gastos de persoal e material investido, conforme aos datos que sexan facilitados polo servizo da rede de sumidoiros, procedendo á liquidación correspondente as persoas obrigadas ao pagamento.

6.- Por cada acometida á rede xeral de saneamento na zona rural **1.000 €/vivenda**. No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de **850 €/vivenda**”.

7.- No caso de baleirados de fosas sépticas nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal establécese unha cota de **18,00 €/m³**.

ARTIGO 7. REMUNERACIÓN

1. Percíbese a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A remuneración por esta modalidade da taxa producírase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todos os terreos do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o terreo non exceda de cen metros, e percibirase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

ARTIGO 8. DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do terreo e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

2.A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.



3. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

4. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello ou a empresa mixta, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

5. As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable causarán efecto con carácter automático no da rede de sumidoiros.

As altas e baixas tramitaranse conxuntamente coa póliza de aboado do servizo de abastecemento de auga potable.

Os usuarios do servizo de auga potable, que carezan de rede de sumidoiros, virán obrigados a solicitar a exclusión do padrón por este concepto, ao tempo que tramitan a alta da auga.

ARTIGO 9. ACOMETIDA.

Enténdese por acometida de saneamento o colector de augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende o bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o rexistro de saneamento ao que está conectado.

Nas instalacións máis antigas de saneamento, onde puidese faltar o rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.

As acometidas de saneamento que non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización pola empresa que ten a concesión dun orzamento que será presentado ao aboado para proceder ao cambio desta.

Se o aboado non se fixese cargo deste orzamento, a empresa concesionaria quedará eximido de toda responsabilidade.

2. As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente pola empresa concesionaria do servizo ou, por autorización súa, por contratistas debidamente homologados.

Para proceder á execución da acometida de saneamento, o aboado haberá de depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, de acordo ao cadro de prezos aprobado polo Concello, teralle realizado a empresa encargada do servizo.

ARTIGO 10. FOSA SÉPTICA

Atendendo a razóns técnicas derivadas do funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais, a concesionaria do servizo poderá suspender de forma temporal a actividade de recepción e tratamento do baleirado de fosas sépticas domésticas o asimilables. A frecuencia e horario do baleirado de fosas sépticas determinarase pola concesionaria do servizo, co fin de optimizar o funcionamento das instalacións.

Consideraranse fosas sépticas asimilables aquelas que, a pesar de non ter orixe en vivendas, a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano.

No momento do baleirado o transportista presentará na entrada da EDAR o documento de identificación do contido transportado e solicitude de aceptación do mesmo, modelo que será facilitado



pola concesionaria do servizo. Nel identificarase tanto ao transportista como o orixe do baleirado de fosas sépticas domésticas ou asimilables.

Poderanse rexeitar os baleirados nos que o valor do pH e/ou conductividade puidera resultar prexudicial para o tratamento da EDAR.

ARTÍGO 11. NOTIFICACIÓN DA TAXA

1. A débeda tributaria esixirase con carácter de autoliquidación no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

Se a autoliquidación indicada no apartado anterior resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. No suposto de esixibilidade da taxa por prestación do servizo continua, practicarase notificación colectiva .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.